



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN CURROS ENRÍQUEZ PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES ARREDOR DA OBRA DE CURROS ENRÍQUEZ E MANTEMENTO DA ENTIDADE.

A Consellería de Cultura e Turismo, dentro do ámbito competencial que a Xunta de Galicia ten atribuído en materia de fomento da cultura, vén realizando dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción do libro e a lectura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Fundación Curros Enríquez é unha entidade cultural sen ánimo de lucro que ten como obxectivo dar a coñecer a obra de Curros Enríquez e estudar os seus aspectos máis innovadores e menos públicos. Curros Enríquez foi un poeta dos máis aclamados da súa xeración. Autor de numerosas obras en lingua galega, forma parte, xunto con Rosalía de Castro e Eduardo Pondal, do movemento chamado Rexurdimento da literatura galega de finais do século XIX.

A Fundación Curros Enríquez constitúese no ano 2004 e desde entón vén realizando anualmente unha serie de actividades que teñen como eixo central a divulgación e promoción da obra de Curros Enríquez, con programas como “Vén a coñecer a Celanova de Curros e Celso Emilio”, unha das actividades máis salientables da fundación destinado aos máis pequenos; trátase dun percorrido guiado pola vila de Celanova a través dos textos dos escritores nativos. Nesta mesma liña realizárase este ano a “Xornada de Convivencia Curros Enríquez”, en Celanova, que trata de reunir nunha xornada única a centros escolares de toda Galicia que levan o nome do insigne autor. Outra das actividades que desenvolve a Fundación é a de Roteiros culturais, “Celanova: pedra e poesía” e “Celanova: un paseo pola historia de Galicia”, destinados a asociacións culturais, colectivos e público xeral. Así mesmo, a Fundación encárgase da organización da entrega anual do premio “Celanova, Casa dos Poetas”, sendo este ano a edición XXXVI, promocionando non só o aspecto poético do insigne escritor, senón tamén a súa faceta periodística, xa que Curros Enríquez chegou a ser un prestixioso redactor do periódico *El País* e *A Gaceta*, de Madrid, o que o levou a exercer como correspondente de guerra no País Vasco durante a terceira guerra carlista.

Ademais das actividades anteriores, a Fundación realiza viaxes culturais a espazos literarios, organiza ludotecas para os máis pequenos, presentacións de libros e audiovisuais, exposicións, visitas teatralizadas nocturnas polo Mosteiro de Celanova e Vilanova dos Infantes, e un obradoiro de poesía visual. Por todo o anterior, a Consellería de Cultura e Turismo comprométese a entregarlle á Fundación Curros Enríquez a cantidade de quince mil euros (15.000 €) como contribución para a realización das actividades culturais obxecto da súa programación e gastos de mantemento da entidade. Esta cantidade librarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2020 co código de proxecto 201500372.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



-11.20.432B.481.2: 5.000 €

-11.20.432B.781.1: 10.000 €

A Fundación Curros Enríquez, en colaboración coa Consellería de Cultura e Turismo ten previsto organizar neste ano 2020, un programa de dinamización cultural acadando, deste xeito, un activo inmaterial que integrará o noso patrimonio cultural, e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección xeral de Políticas Culturais para o ano 2020, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterio obxectivos, así coma o interese social das mesmas, a sinatura deste convenio encádrase, nos que non é posible promover a concorrência polas especiais características da entidade coa que se convenia, sendo a Fundación Curros Enríquez a única que posúe o legado cultural de Curros Enríquez, e a que desenvolve na nosa comunidade autónoma ditas actividades.

Asdo. Anxo Manuel Lorenzo Suárez

Director xeral de Políticas Culturais



Xacobeo 2021

